

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 3 de novembro de 2015

HORA DE COMEZO: 18:40 h.

HORA DE REMATE: 19:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 19 E 26 DE OUTUBRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 19 e 26 de outubro de 2015.

**URBANISMO E PATRIMONIO**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE N° 25.553.-** A *COMUNIDADE PROPIETARIOS ESTRADA DE ALDÁN 3*, para en estrada de Aldán, n° 3-Seixo-Darbo, instalar un ascensor para o que é preciso reformar o edificio existente en 9,25 m2., de planta baixa, 0,75 m2., de primeiro andar, 8,35 m2., de segundo andar, 10,55 m2., de terceiro andar e outros tantos de cuarto andar e ampliar o edificio en 4,70 m2., de planta baixa, 2,45 m2., de primeiro andar, 6,10 m2., de segundo andar, outros tantos de terceiro andar e a mesma superperficie do cuarto andar, de conformidade co proxecto do arquitecto, Javier Rial Lemos, visado o día 8 de xuño de 2015, autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Para executar as obras deberá contar co consentimento da comunidade de propietarios.

**EXPEDIENTE N° 25.659.-** A J. J. P. S., para en rúa Garelli, n° 13-Cangas, en solo urbano, regulado polo PEPRI, rehabilitar a vivenda existente en 34,50 m2., de planta baixa, 37,35 m2., de primeiro andar e outros tantos de segundo andar e ampliála en 24,30 m2., de aproveitamento baixo cuberta e 13,05 m2., de terraza, de conformidade co proxecto do arquitecto, José Luis Domínguez González, visado o día 31 de agosto de 2015 e a que antes do inicio das obras presente o correspondente oficio de dirección das obras e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

*"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.*

*Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.*

*As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de*

*transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."*

## 2.A.2) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

**EXPEDIENTE N° 25.432.-** A *PISCÍCOLA DEL MORRAZO, S.A.*, para en Nerga-O Hío, substituír un depósito crioxénico, de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro de minas David Rodríguez Besada, do 25 de marzo de 2015.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE N° 25.710.-** A *GAS GALICIA S.D.G. S.A.*, para en Miranda 8 - Coiro, executar unha canalización de 40,39 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\*Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\*Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de MIL CATROCENTOS TRINTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (1.431,20 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.679.- J. M. M. G., cerco e ampliación de rampla en Castelo 10A - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.709.- R. G. P., construción adxectiva en Paraíso 43 F - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.711.- L. S., cambio de cuberta e saneamento fachadas en Lirio 16 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.718.- M. S. C. P., reforma de cociña en Avda. De Vigo 97 lo E - Cangas.

#### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.884.- X. H. L., clínica de fisioterapia en Avda. De Vigo 4 6 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.866.- C. D. M., cambio titularidade venda material oficina en San Xosé 33 - baixo - Cangas.

#### **4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

##### 4.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 1/2014-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 26.10.15, referente ao expediente de infracción urbanística n° 1/2014-S, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 1/2014-S*

##### *PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 27 de xullo de 2015, resulta que:*

*PRIMEIRO.- O expediente sancionador n° 1/2014-S, incoouse a M. J. G. C., pola realización de obras consistentes en realizar un cerramento e o cambio de cuberta dunha caseta sita a menos de 4 metros do eixo do camiño, no lugar de Erbello-Aldán, sen licenza para iso, como resultou probado no expediente de restauración da legalidade urbanística n° 1/2014, que rematou por Resolución de Alcaldía do día 22 de abril de 2014, ordenando a demolición das obras realizadas.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, a interesada, con data 7 de setembro do 2015, presenta escrito de alegacións. Estas alegacións foron desestimadas na proposta do inspector do procedemento do día 1 de outubro de 2015, da cal se deu traslado á interesada concedéndolle un novo prazo de quince días para formular alegacións.*

*TERCEIRO.- O día 15 de outubro de 2015, rexistro de entrada n° 13.282, a interesada formula novas alegacións nas que en síntese manifesta que o expediente sancionador 'se incoou tardía, ilegal e extemporaneamente, con*

*manifesta transgresión do dereito a que o expediente se tramite nun prazo razoable.'*

*A alegación debe ser desestimada toda vez que o artigo 218 da LOUG establece os seguintes prazos de prescrición: infraccións moi graves: 15 anos; graves: 6 anos; e leves: 2 anos; e o expediente en trámite cumpre co sinalado nese precepto. Os prazos de prescricións son os prazos máximos que marca o ordenamento xurídico para que a administración poida iniciar o expediente sancionador. O cómputo do prazo se determina desde a total terminación das obras ou da actividade. A reposición da legalidade non exclúe a tramitación do procedemento sancionador.*

*Como sinala a xurisprudencia non resulta obrigada a tramitación paralela do expediente de restauración da legalidade urbanística e do sancionador. STSXG de Galicia, 652/2008, do 25 de setembro: 'aínda que o expediente no que se ditou é independente do sancionador, era esixible, por motivos de obvia racionalidade, que aquel se resolvese antes- ou simultaneamente- que o sancionador, e así se fixo.'*

*Por todo o exposto, visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por M. J. G. C. contra o acordo da Xunta de Goberno Local do día 27 de xullo de 2015, polo que se incoou o expediente sancionador nº 1/2014-S, visto a proposta do instructor do procedemento do día 1 de outubro, así como, as alegacións presentadas o día 15 de outubro de 2015 polos razoamentos expostos no corpo desta proposta; resulta de aplicación o disposto no artigo 218 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

*SEGUNDO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.*

*TERCEIRO.- Que M. J. G. C., na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción, debendo investigarse se procede a incoación dun expediente sancionador a mais responsables polas obras descritas.*

*CUARTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros.*

*QUINTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, agás no previsto no artigo 13.2, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado, cando non figuren nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas, no seu caso, polo interesado, de conformidade co previsto no artigo 3 no 16.1 do citado regulamento.*

*SEXTO.- Impoñer a M. J. G. C., na súa calidade de promotora unha multa sancionadora de SEIS MIL UN EUROS (6001,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Erbello-Aldán, consistentes en realizar cerramento e o cambio de cuberta dunha caseta sita a menos de 4 metros do eixo do camiño. De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese á interesada que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e a infractora amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 1/2014-S.

## **FACENDA**

### **5º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

#### **5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
M. C. M. B.	FIANZA	1.047,50 €	LICENZA DE OBRAS Nº 22.472

## **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

### **6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA POR APROBACIÓN DE CONVENIO ASINADO COA "COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE DARBO"**



Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 28.10.15, referente a aprobación de conta xustificativa por aprobación do convenio de colaboración asinado coa "COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE DARBO", que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE DARBO*

*Vista a solicitude presentada o día 1.9.2015 (registro entrada nº 11369) por don X. M. C. F. en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, con CIF nº V36103513, relativa ao convenio asinado co concello en materia de mantemento e limpeza do monte veciñal aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 20.5.09*

*Examinada a conta xustificativa comprensiva dos gastos efectuados no 1º cuadrimestre do ano 2015 por importe de SEIS MIL DOUSCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (6.278,97 €), compróbase que esta cumpre co estipulado no referido convenio en canto a gastos subvencionables e requisitos dos documentos que acreditan a realización do gasto.*

*Tendo en conta a cláusula do referido convenio segundo a cal 'o concello subvencionará como máximo o 80% do gasto realizado.'*

*Visto que a competencia relativa á concesión de subvencións corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante Resolución desta Alcaldía do día 2.07.2015.*

*De acordo co exposto, á Xunta de Goberno Local propono a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa correspondente ao 1º cuadrimestre do ano 2015, presentada pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, relativa ao convenio asinado o día 18.07.2009 (aprobado en Xunta de Goberno Local do día 20.05.2009).*

*Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de CINCO MIL VINTE E TRES EUROS CON DEZAOTO CÉNTIMOS (5.023,18 €) a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, con CIF nº V36103513.*

*Terceiro.- Notificar esta resolución ao interesado con indicación dos recursos procedentes, e dar traslado desta aos departamentos municipais de Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a

aprobación de conta xustificativa por aprobación do convenio de colaboración asinado coa "COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE DARBO".

## **7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA POR APROBACIÓN DE CONVENIO ASINADO COA "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO"**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 28.10.15, referente a aprobación de conta xustificativa por aprobación do convenio asinado coa "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO", que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO*

*Visto o convenio asinado entre o Concello de Cangas e a 'Asociación Protectora de Animais do Morrazo' o día 23.04.2015, do que se tomou coñecemento na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 11.05.2015.*

*Visto o escrito entregado no rexistro xeral deste concello o día 3.08.2015 (entrada nº 10024) no que R. M. G. G., en representación da mencionada asociación, achega as facturas compulsadas como xustificación dos gastos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2015 que ascenden a TRES MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (3.750,53 €) e solicita que o concello proceda ao pago de TRES MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS (3.750,00 €).*

*Examinada a conta xustificativa comprensiva dos gastos efectuados, compróbase que a mesma cumpre co estipulado no referido convenio, en canto a gastos subvencionables e requisitos dos documentos que acreditan a realización do gasto. Así mesmo, a beneficiaria achegou a documentación á que viña obrigada segundo o convenio suscrito, tales como declaracións responsables, documentos xustificativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, así como memoria das actuacións realizadas.*

*Visto que a competencia relativa á concesión de subvencións corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude da delegación efectuada mediante Resolución desta Alcaldía do día 2.7.2015.*

*De acordo co exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do 2º trimestre presentada pola 'Asociación Protectora de Animais do Morrazo', relativa ao convenio de colaboración asinado con este concello o día 23.04.2015.*

*Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de TRES MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS (3.750,00 €) a favor da 'Asociación Protectora de Animais do Morrazo', con CIF nº G36196731.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa por aprobación do convenio asinado coa "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO".

#### **8º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS**

Examinado o escrito da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública dependente da Consellería de Sanidade, polo que se notifica de resolución do conselleiro de Sanidade do día 23.10.15, de concesión de subvención ao Concello de Cangas para proxectos de prevención de drogodependencias, polo importe de CORENTA E CATRO MIL SETECENTOS DEZAIS EUROS CON UN CÉNTIMO (44.716,01 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento e así mesmo, aceptar a resolución do conselleiro de Sanidade do día 23.10.15, de concesión de subvención ao Concello de Cangas para proxectos de prevención de drogodependencias, polo importe de CORENTA E CATRO MIL SETECENTOS DEZAIS EUROS CON UN CÉNTIMO (44.716,01 €).

#### **9º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE-2015**

Dáse conta de proposta do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do día 27.10.15, referente a solicitude de axuda á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a Promoción da Igualdade-2015, que di o seguinte:

##### *"PROPOSTA*

*SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE-2015*

*Publicada no DOG n° 194 do día 9 de outubro de 2015 a Resolución do 8 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia*

*para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria no ano 2015.*

*Vista a documentación elaborada pola técnica municipal do funcionamento do CIM-CANGAS cun orzamento total de TRINTA E OITO MIL CATROCENTOS NOVENTA EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (38.490,44 €), propono á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar á Secretaría Xeral da Igualdade ao abeiro da Resolución do 8 de outubro de 2015, unha axuda polo importe de TRINTA E OITO MIL CATROCENTOS NOVENTA EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (38.490,44 €), para desenvolver de apoio aos centros de información ás mulleres -programa CIM-.*

*Segundo.- Designar á traballadora municipal, Paula Tenorio González, que ocupa o posto de psicóloga e coordinadora do CIM, para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade, con teléfono de contacto 986/392268 e co seguinte correo electrónico, cim@cangas.org.*

*Terceiro.- Declarar que para desenvolver o programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM), non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

*Cuarto.- Comprometer financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a solicitude de axuda á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a Promoción da Igualdade-2015.

## **CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **10º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA AXUDA CONCEDIDA AO CONCELLO DE CANGAS PARA A MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS**

Dáse conta da Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 8 de outubro de 2015 e publicada no DOG nº 204 do día 26/10/2015, polo que se lle da publicidade á relación de concellos beneficiarios das axudas convocadas ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de

lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede a súa convocatoria para o período do 1 de maio de 2015 ata o 1 de abril de 2016.

O importe concedido ao Concello de Cangas é de un total de DOUS MIL SETECENTOS SETENTA E TRES EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (2.773,90 €), correspondendo para o ano 2015: MIL CINCOCENTOS DEZASEIS EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (1.516,04 €), e para o ano 2016: MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.257,86 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e aceptar a concesión de subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao Concello de Cangas, polo importe de DOUS MIL SETECENTOS SETENTA E TRES EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (2.773,90 €), para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Intervención así como ás bibliotecas de Aldán, Cangas, Coiro, Darbo e do Hío.

### **11º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA S/ADXUDICACIÓN DE VIVENDA DE MESTRE VACANTE NO CEIP DE ESPIÑEIRA-ALDÁN**

Dáse conta de resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se adxudica a Javier Macías Rivas, con destino definitivo no CEIP de Castrillón Coiro-Cangas, desde o 01/09/2007, a vivenda vacante nº 8-8 das correspondentes do CEIP de Espiñeira-Aldán.

Así mesmo, dáse conta das obrigacións que conleva a referida adxudicación de vivenda:

A presente adxudicación implica a obrigatoriedade da ocupación efectiva da vivenda, pois en caso contrario, de conformidade coas reiteradas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (nº 215/93, do 15 de marzo, entre outras), poderá ser deixada sen efecto por interromperse o dereito a casa-habitación. Para estes efectos, a Xefatura Territorial poderá verificar en calquera momento se o adxudicatario reside ou on na casa-escola adxudicada, ben a través da inspección educativa, ou ben recabando a actuación da Policía Local. A comprobación de que a vivenda non está sendo ocupada polo adxudicatario dará lugar a que se esixa con carácter inmediato a entrega das chaves e ao mesmo tempo facultará ao xefe territorial para a iniciación de actuacións para o logro do efectivo desaloxo da vivenda. Por outra banda, esta

adxudicación terá carácter temporal, polo que se manterá mentres non varíe a situación que fixo posible esta.

Antes de ocupar a vivenda, deberá levantarse acta, con asistencia dun representante do concello, na que se reflicte o estado de conservación desta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento da resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se adxudica a J. M. R. a vivenda vacante nº 8-8 das correspondentes do CEIP de Espiñeira-Aldán.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE AMPLIACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 27.5.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### **"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concederlle a ampliación do Servizo de Axuda a Domicilio a M. B. G. A., con expediente nº 36008/01/002554-VI 0000039045, a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### **Prestacións:**

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

*\* Número de horas mensuais: 33 horas.*

*\* Custo total do servizo: CATROCENTOS CATRO EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (404,58 €) (DOCE EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (12,26 €)/hora).*

*O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de SETECENTOS CINCO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (705,93 €)/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de UN EURO CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (1,85 €)/hora.*

*\* Achega económica da persoa usuaria: SESENTA E UN EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (61,05 €)/mes.*

*\* O servizo ampliado de SAF iniciarase o 3 de novembro de 2015."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

## **B) ESCRITO DA FEMP S/PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS**

Visto o escrito do día 29.10.15 da "FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS", no que comunican, que de conformidade co Plan Nacional sobre Drogas, estanse a conceder axudas económicas a entidades locais dirixidas á posta en marcha do programa "Servizo Responsable", polo que lle conceden ao Concello de Cangas unha axuda económica de SEIS MIL OITOCENTOS EUROS (6.800,00 €).

Indican, así mesmo, que antes do 1 de marzo de 2016 se deberá remitir un informe final, por duplicado, sobre o desenvolvemento e cumprimento do programa, no que se detallen os resultados obtidos en relación con todos e cada un dos puntos descritos nel.

Respecto da xustificación económica, a presentar antes do 24 de decembro de 2015, a documentación será a seguinte:

- Relación dos gastos habidos no desenvolvemento do programa. Todos os gastos deben corresponder a actuacións realizadas durante o ano 2015.
- Certificación do/a interventor/a delegado/a ou do/a responsable do departamento económico da entidade beneficiaria, facendo constar o financiamento final con que conta o programa subvencionado, o detalle dos gastos efectuados no seu desenvolvemento e se se recibiron ou non outras subvencións, públicas o privadas, para o mesmo programa.
- No seu caso, carta de pagamento de reintegro total ou parcial en caso de incumprimento dalgún dos requisitos establecidos nas bases, incluíndo os intereses de demora a que houbera lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento e aceptar o escrito da "FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS", no que se comunica da concesión de axuda económica, por un importe de SEIS MIL OITOCENTOS EUROS (6.800,00 €), ao Concello de Cangas, para a posta en marcha do programa "Servizo Responsable", correspondente ao Plan Nacional sobre Drogas.

### **C) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA S/INFORME DE CUMPRIMENTO DE SENTENZA RECAÍDA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 4476/1991**

Dáse conta de escrito do día 27.10.15 (R.E. nº 14.043 do 30.10.15) da Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que, con referencia ao procedemento ordinario nº 4476/1991, reclaman do Concello de Cangas, a remisión, no prazo de dez días de informe sobre o estado do cumprimento da sentenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento de escrito do día 27.10.15 da Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, referente ao procedemento ordinario nº 4476/1991.

### **D) DACIÓN DE CONTA DE INFORME TÉCNICO S/ESTADO DE REDE DE SUMIDOIROS NA TRAVESÍA DA ALDEA DE ARRIBA**

Dáse conta de informe emitido o día 16.10.15 pola arquitecta técnica municipal, referente ao estado das redes de sumidoiros na Travesía da Aldea de Arriba, que é como segue:

*"ASUNTO.- INFORME SOBRE ESTADO DAS REDES DE SUMIDOIROS NA TRAVESÍA DA ALDEA DE ARRIBA*

*A pedimento da Concellería de Benestar e Servizos Sociais con relación o anegamento na vivenda de D. X., sita en Aldea de Arriba,*

*INFORMO: presentada no lugar acompañada de persoal da empresa concesionaria do servizo de abastecemento e rede de sumidoiros 'UTE-Gestión Cangas', co fin de comprobar as canalizacións existentes no lugar, examinados os puntos rexistrables da rede de sumidoiros como pozos de rexistro e sumidoiros se observa:*

- O vial non dispón de redes de sumidoiros separativo de augas pluviais e fecais.*
- Os sumidoiros existentes verten nun pozo de rexistro de augas fecais.*



- *Os puntos baixos do vial se aprecian no fronte da propiedade.*
- *Desde o vial ata o regato non existe ningún tipo de canalización ou recollida de augas pluviais.*
- *A propiedade de D. X. esta nunha cota inferior ao vial de acceso a esta.*
- *O fronte da propiedade ten un cerramento formado por unha rexa de aluminio sobre un pequeno zócalo de obra, o que non impide que ao longo de toda a súa lonxitude entre a auga da bolsa que se forma no vial.*
- *Ante a imposibilidade de canalizar as augas ata o regato e de modificar as pendentes cunha nova pavimentación da estrada, contéplase a posibilidade de recrecer a parte cega do cerramento, co fin de impedir que as augas da estrada municipal invadan a propiedade de D. X.*
- *A valoración dos materiais para a realización desa pequena reparación ascende a cantidade de NOVENTA EUROS (90,00 €)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe emitido pola arquitecta técnica municipal, referente ao estado das redes de sumidoiros na Travesía da Aldea de Arriba, e polo tanto, que polos servizos municipais se adopten as medidas indicadas.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe  
o presidente